

# Islamofobia e îihādismo en Europa

## Description

Europa está observando un auge dos sentimentos islamófobos ao carón dunha crise socioeconómica que ameaza con derrubar a arquitectura de integración comunitaria e os compromisos sobre a defensa das liberdades, dos dereitos humanos e da lexislación humanitaria. Este proceso está acelerándose nos derradeiros anos, igualmente motorizados pola riada de atentados terroristas de corte *îih?dista*; pola presenza dunha numerosa comunidade musulmá de terceira xeración en varios países europeos, pero que visualiza notables deficiencias en materia de políticas públicas que permitan a súa inclusión e integración; e pola súbita aparición do drama humanitario dos refuxiados, principalmente dos provenientes do conflito sirio, desde mediados de 2015.

Europa está observando un auge dos sentimentos islamófobos ao carón dunha crise socioeconómica que ameaza con derrubar a arquitectura de integración comunitaria e os compromisos sobre a defensa das liberdades, dos dereitos humanos e da lexislación humanitaria. Este proceso está acelerándose nos derradeiros anos, igualmente motorizados pola riada de atentados terroristas de corte *îih?dista*; pola presenza dunha numerosa comunidade musulmá de terceira xeración en varios países europeos, pero que visualiza notables deficiencias en materia de políticas públicas que permitan a súa inclusión e integración; e pola súbita aparición do drama humanitario dos refuxiados, principalmente dos provenientes do conflito sirio, desde mediados de 2015.

Os síntomas de islamofobia dentro das sociedades europeas están ocupando cada vez mais a atención da opinión pública. Pouco despois dos atentados terroristas que sacudiron a París en xaneiro de 2015, a Rede Europea contra o Racismo (ENAR polas súas siglas en inglés), con sede en Bruxelas, advertiu nun comunicado sobre a posibilidade de *“estigmatización das comunidades musulmáns en Francia (...) especialmente dado ante o actual clima antimusulmán en Europa”*.

En maio de 2016, meses despois da renovación dos atentados terroristas en París (novembro de 2015) e dos acontecidos en Bruxelas (marzo de 2016), unha sondaxe publicada no diario francés *Le Figaro* considerou que un 47% dos franceses estiman que a comunidade musulmá existente no seu país *“é mais ben unha ameaza”*, toda vez un 68% dos enquisados argumentaron que os musulmáns *“están mal integrados”*<sup>(1)</sup>. O dato é sumamente significativo se observamos que Francia estase consolidando como *“a primeira nación musulmá europea”*, a tenor dos seus aproximadamente cinco millóns de cidadáns que profesan a fe islámica e mais de 2.500 mesquitas.

A integración dos case 20 millóns de cidadáns musulmáns que habitan en diversos países europeos debe constituírse nun aspecto chave e prioritario dentro das políticas públicas comunitarias. Con todo, esta problemática vese particularmente obstaculizada polos estereotipos e a desconfianza de diversas capas sociais europeas cara o fenómeno da integración multicultural e dos seus efectos nas respectivas identidades nacionais. Así mesmo, a islamofobia vese potenciada por dous factores de peso: a existencia de células *îih?distas* e a súa activación terrorista a través de redes conformadas por cidadáns europeos descendentes de inmigrantes musulmáns; e, recentemente, pola masificación de persoas refuxiadas provenientes de países con conflitos armados (Siria, Iraq, Libia, Afganistán, África subsahariana) suscitados non só dentro da periferia europea senón a carón da profusión dun sórdido pulso de intereses xeopolíticos onde Occidente vese directa ou indirectamente implicado.

Con todo as dificultades de integración e a proliferación de estereotipos que intensifican a desconfianza, a dinámica social permite observar algúns avances en determinados aspectos relativos á integración e, incluso, á participación política de inmigrantes provenientes de países de confesión islámica. O 7 de maio de 2016, Sadiq Khan, un descendente de inmigrantes paquistanís e candidato polo Partido Laborista, foi electo cun 57% dos votos como o novo alcalde de Londres, converténdose no primeiro musulmán en rexer unha gran capital occidental.

A elección de Khan permite definir unha mensaxe de signo multicultural nun momento político e social crítico para Europa, particularmente polo avance dos populismos xenófobos en países como Austria, Francia, Finlandia, Suecia, Holanda, Bélxica e incluso Gran Bretaña, entre outros.

Xunto coa elección de Khan, resulta igualmente salientable as cada vez mais decididas declaracións públicas contra a islamofobia realizadas por parte de autoridades locais, como foi recentemente observado no caso galego<sup>(2)</sup>. Así e todo, o clima antimusulmán e de progresiva estigmatización das comunidades islámicas non é unha sensación nova, senón que mais ben supón unha ampliación, con frecuencia polémica e preocupante, sobre as complexas percepcións existentes dentro da opinión pública occidental sobre o Islam e, particularmente, sobre o islamismo político, as súas causas e a súa heteroxénea expresión.

### *Un pacto infame*

Neste sentido, Europa observa actualmente a polarización de manifestacións e expresións públicas, contextualizadas con reaccionarias medidas gobernamentais, pulsadas dentro da delicada liña que separa as discusións sobre as liberdades, a tolerancia e a integración das comunidades inmigrantes, especialmente daquelas de orixe musulmán.

Compre neste apartado observar a intransixencia manifestada na proliferación de movementos fortemente reaccionarios que potencian síntomas de islamofobia e confrontación cultural, como é o caso da recente aparición en Alemaña da formación Patriotas Europeos contra a Islamización de Occidente (PEGIDA en alemán)<sup>(3)</sup>, con redes de simpatías e conexión establecidas noutros países europeos.

La erección dunha especie de muro de contención contra as/os refuxiados na periferia mediterránea, focalizado no pacto político establecido a mediados de marzo de 2016 entre a Unión Europea e Turquía, extensivo a Grecia e outros países europeos da contorna mediterránea e balcánica (principal ruta de acceso dos refuxiados) formula a perspectiva sobre a consolidación dunha política reactiva e infame que viola sistematicamente dos tratados internacionais humanitarios en materia de inmigración e asilo, así como un dos piares fundamentais do edificio de integración europeo, sendo este a liberdade de mobilidade cidadá contidas, entre outros, no Tratado de Schengen<sup>(4)</sup>.

Este proceso confirma unha tendencia de radicalización política, con acento en iniciativas anti-inmigración, que colateralmente ten as variables de carácter xeopolítico. O fomento de medidas represivas e restritivas para o paso da/os refuxiada/os por parte de países como Bulgaria, Hungría, Polonia, Romanía e Eslovaquia, entre outros, amplía o seu radio de actuación incluso dentro das minorías existentes nalgúns destes países (especialmente a comunidade xitana pero tamén inmigrantes ilegais), consolidando ese proceso político de “dereitización” que mina os cimentos propios da UE.

Pola súa banda, o pacto UE-Turquía revitaliza o interese estratéxico atlantista cara Ankara, histórico socio militar dentro da OTAN e sempiterno candidato ao ingreso na organización europea. A utilización de Grecia e Turquía como unha especie de “policías fronteirizos” e territorios de confinamento destinatarios trala deportación dende Europa da/os refuxiada/os que fuxen do conflito sirio (contabilizados en aproximadamente 2,5 millóns de persoas desde 2011) ten a súa contrapartida na propensión de axudas económicas e financeiras por parte de Bruxelas (6.000 millóns de euros ata 2018) e a aceleración dos mecanismos de admisión turcos na UE.

Por tanto, este pacto que subverte todo tipo de lexislación humanitaria, supón un considerable elemento de interese xeopolítico mutuo tanto para a UE (que permite afastar territorialmente o drama refuxiado) pero principalmente para o goberno turco de Recep Tayyip Erdogan, quen agora vese lexitimado para tentar influír dentro do conflito sirio, principalmente de cara ao seu verdadeiro obxectivo estratéxico: evitar a eventual consolidación dunha especie de tapón territorial curdo nas súas fronteiras, dende Siria ata o norte de Iraq. O silencio cómplice europeo cara a revitalización da represión militar no Curdistán turco por parte do goberno de Erdogan desde agosto pasado, é un claro exemplo dos efectos colaterais de interese mutuo existentes neste pacto.

A esta perspectiva debe engadirse a reactivación das medidas antiterroristas, con notables visos de represión das liberdades individuais, establecidas en Europa ante a vaga de atentados perpetrados por diversas células pertencentes ao fenómeno comunmente denominado como “terrorismo *?ih?dista*”<sup>(5)</sup>. Este aspecto intensifica igualmente a proliferación de todo tipo de estereotipos sobre as sociedades islámicas, en particular ante a súa presunta incapacidade para conciliar os valores occidentais, principalmente o laicismo, os dereitos políticos ou a democracia. Estes problemas de comprensión afirmanse igualmente sobre o fenómeno do islamismo político, as súas orixes, a complexidade da súa natureza e o seu

impacto nun mundo musulmán convulsionado por seculares conflitos históricos, igualmente identificados e enmarcados dentro do sectarismo relixioso e político, pero claramente atizados e mobilizados pola penetración imperialista occidental acaecida nos territorios de *Dar al-Islam*<sup>(6)</sup> desde mediados do século XIX.

*Un inciso: o “?ih?dismo salafista”*

Cabe, por tanto, achegarse a un exercicio de comprensión sobre fenómenos que actualmente ocupan un lugar preponderante dentro do ámbito internacional, particularmente no relativo ao controvertido concepto do “?ih?dismo salafista”. O mesmo debe igualmente enmarcarse dentro do ámbito do islamismo político e da súa heteroxénea configuración constantemente polarizada e redimensionada pola súbita aparición doutras alternativas, algunhas delas de carácter máis radical, á hora de aplicar a vixencia e preeminencia da lei islámica, a *Ša?i’a*<sup>(7)</sup>, así como na manifestación da súa expresión como movemento de rebelión e de resistencia cara a “occidentalización” e o predominio do *establishment* existente no mundo islámico, acusadas de “afastarse” do “camiño correcto” trazado polo Corán e a relixión.

Moitos deles adscritos ao credo radical do teórico islamita Sayyid Qotb, un dos principais precursores da Irmandade Musulmá<sup>(8)</sup> creada en Exipto como xerme da ideoloxía do islamismo político. Estas alternativas tiveron especial repercusión a través do modelo impulsado pola revolución islámica en Irán desde 1979 (con especial incidencia dentro da comunidade xiíta) así como da diversidade de movementos *mujahiddín* que loitaron contra a invasión soviética en Afganistán (1979-1989), entre cuxo xerme proliferou a rama integrista *?ih?dista salafista*<sup>(9)</sup>.

Así, o panorama do islamismo político dentro do mundo musulmán ampliou o seu radio de configuración e de actuación de diversas manifestacións de movementos integristas (Hamás, Hizbulá, Yihad Islámica, Brigadas Mártires de Al Aqsa, Abu Sayyaf, Jemaah Islamiya, redes de Al Qaeda en Iraq, Magreb e península arábica), con cada vez maior arraigo popular en diversos escenarios (Siria, Xordania, Palestina, Líbano, Indonesia, península arábica, Filipinas)

Se ben é pertinente considerar a preeminencia das raíces intrínsecas do *?ih?dismo salafista* como motor ideolóxico e alternativa política integrista para os países islámicos, o seu fortalecemento e expansión en diversos contextos foi un efecto directo da política occidental cara o mundo islámico, en particular tralos conflitos acaecidos tralo 11/S en Afganistán (2001), Iraq (desde 2003), Siria, Iemen e Libia (desde 2011), entre outros.

Tanto como o efecto emocional e simbólico que confire o tema palestino dentro do mundo islámico, non se debe menoscar o exemplo de Alxeria tralo ascenso político e electoral de movementos integristas como a Fronte Islámica de Salvación (FIS), que tras gañar as eleccións lexislativas de 1992 foi descoñecido o seu triunfo electoral por parte do *establishment* e as Forzas Armadas alxerinas a través dun golpe militar que contou coa complicidade occidental (principalmente francesa) e que deu paso a unha década de cruenta guerra civil (1992-2002) e á aparición de movementos terroristas como o Grupo Islámico Armado (GIA).

Coa xénese na guerra de Afganistán contra a invasión soviética, resulta palpable observar o efecto colateral producido polo apoio financeiro e loxístico de aliados occidentais como Arabia Saudita e Paquistán<sup>(10)</sup> cara estes grupos integristas do *?ih?dismo salafista*, os cales progresivamente foron conformado outras redes terroristas como Al Qaeda e o actual Estado Islámico (ISIS polas súas siglas en inglés), unha escisión do inicial grupo de Al Qaeda en Iraq.

Baixo o amparo territorial que lle confería o réxime Talibán<sup>(11)</sup> en Afganistán, a aparición operativa da rede Al Qaeda a partir de 1988<sup>(12)</sup> e a súa proclamación dunha *?ih?d* contra Occidente ilustrou a perspectiva de conformación dunha rede terrorista global con enorme capacidade de actuación, tal e como se observou cos atentados terroristas en Tanzania e Quenia (1998) e do buque USS Cole nunha base estadounidense en Iemen (2000), preludio do posterior 11/S de 2001.

Neste perspectiva, e se ben as raíces do *?ih?dismo salafista*, da hostilidade anti-occidental e do integrista relixioso como móbil político xa existían en diversos movementos e actores islámicos (aínda que compre mencionar que de carácter minoritario), a súa recente e acelerada expansión global debeuse notablemente á errática e intromisiva política occidental, e particularmente estadounidense, de cara ao mundo musulmán.

O radio de actuación punitiva de Washington e dos seus aliados occidentais e incluso dentro do mundo árabe, focalizouse en erradicar as fontes do *¿ih?dismo salafista* no corazón de Asia Central (Afganistán) e Oriente Próximo (Iraq), sen decatarse (ou ben obviando intencionadamente) que as mesmas estarían mais ben establecidas en países aliados dentro da súa visión xeopolítica, como son os casos de Paquistán, Arabia Saudita e incluso Exipto, os cales gozan do apoio financeiro, militar e loxístico de Washington<sup>(13)</sup>.

Con isto, a “guerra contra o terrorismo” impulsada polo ex presidente George W. Bush e os seus aliados árabes e occidentais desde 2011, así como as violacións á legalidade internacional e o sistema de defensa dos dereitos humanos trazadas polas políticas de Washington (Iraq, Guantánamo, Abu Graib, voos ilegais da CIA) exerceron igualmente unha influencia decisiva na radicalización e expansión dunha heteroxénea rede de movementos integristas e terroristas, cuxa potenciación antes e principalmente despois do 11/S deron paso á configuración dalgúns dos peores atentados terroristas da historia, entre os que destacan os do buque USS Cole en Iemen (2000), Riad e Bali (2002), Mumbai, Istambul e Casablanca (2003), Madrid (2004) e Londres (2005), entre outros.

### *Revival dos “neo-fascismos”*

En Europa habitan pouco mais de 20 millóns de musulmáns. A porcentaxe de poboación musulmá nun país como Francia supera o 7,5% da súa poboación total. En perspectiva global, son mais de tres xeracións de musulmáns que habitan en Europa, principalmente en países como Alemaña, España, Francia, Austria, Suecia, Suíza, Gran Bretaña, Italia, Holanda ou Bélxica, contribuíndo non só ao seu desenvolvemento económico e industrial senón a configurar un mosaico étnico, social, cultural e relixioso enmarcado nun contexto sumamente heteroxéneo e diverso.

Ao carón da crise socioeconómica, das tensións sociais sobre a integración da comunidade inmigrantes proveniente de países islámicos e, principalmente, das reaccións sociais e políticas en diversos países europeos ante a chegada de refuxiados, diferentes movementos e partidos de extrema dereita teñen avanzando electoral e politicamente en diversos países europeos, principalmente en Europa do Leste.

Un caso relevante ten que ver co recente avance da ultradereita do Partido da Liberdade (FPÖ) nas eleccións presidenciais austríacas celebradas en abril pasado. Este avance pode presaxiar un anticipo en chave electoral como antecedente de referencia para as presidenciais francesas de 2017, en particular porque a crise de refuxiados sirios está alentando as potencialidades electorais dos partidos de extrema dereita en Europa, desde a Fronte Nacional francesa ata o Jobbik húngaro, así como expresións de calado populista de dereitas, como é o caso do primeiro ministro húngaro Viktor Orban.

Precisamente, Orban estase a constituír como un auténtico referente político para aqueles partidos que ansían as expulsións masivas de refuxiados e inmigrantes ilegais. Líder do dereitista Fidesz, Orban ten manifestado unha deriva autoritaria denunciada constantemente dende Bruxelas, principalmente polas súas medidas represivas contra os medios de comunicación independentes, a poboación xitana, a inmigración ilegal e principalmente contra a chegada masiva de refuxiados.

Neste sentido, Europa comeza a difuminar os preceptos fundamentais do seu proxecto de integración ante o renacemento da extrema dereita ao calor da crise socioeconómica, a parálise política da UE e das tensións cara a inmigración que se impulsan coa crise dos refuxiados e os recentes atentados terrorista *¿ih?distas* en Europa, como los de París e Bruxelas. Entre estes partidos que avanzan electoralmente destacan o Vlaams Belang flamenco en Bélxica, a Alternativa por Alemaña (AfD), a Liga Norte italiana, o PPV holandés, Amencer Dourado en Grecia e o UKIP británico, cuxa campaña antieuropeísta está ganando adeptos de cara al referendo británico sobre a súa permanencia na UE previsto para o próximo 23 de xuño.

Cabe igualmente considerar a expresión do liderado de Vladimir Putin en Rusia e o renacemento do nacionalismo ruso como unha referencia para algúns destes partidos e movementos de extrema dereita en Europa. Neste sentido, a referencia do sistema “putinista” como unha versión modernizada e incluso avanzada do que os teóricos políticos denominan como un sistema de “autoritarismo competitivo”, definido como aqueles líderes autocráticos, con enorme carisma e popularidade que lexitiman o seu poder a través de eleccións periódicas, estase a converter nunha tendencia tan apetecida por estes partidos extremistas como inquietante para o futuro de Europa.

Medios alemás como o diario Bild e outros medios franceses han identificado ao Centro de Comunicacions Estratéxicas,



un organismo dependente do Kremlin, como o presunto eixe de contactos e apoios por parte de Rusia a partidos como o AfD alemá e a Fronte Nacional francesa, identificando así un presunto e complexo entramado financeiro no que destaca o banco moscovita First Czech Russian Bank. Outros medios europeos informan dun presunto financiamento a campañas electorais destes e doutros partidos de extrema dereita en Europa por parte da empresa petrolreira estatal rusa Lukoil.

O efecto “sedutor” de Putin cara estes partidos populistas de dereitas e outros extremistas nacionalistas tamén ten unha peza chave na figura do seu asesor Aleksandr Dugin, considerado como o principal ideólogo do denominado “neoperalismo ruso”, e cuxo acceso aos círculos de poder de Putin é fluído e notable. Dugin ten realizado diversos contactos con partidos nacionalistas de dereitas e incluso outros de esquerdas, como o Syriza grego. Outros medios europeos consideran que o entramado mediático controlado polo Kremlin, en particular os medios informativos Sputnik, Russia Today e Ria Novosti, ten xogado un papel igualmente chave, en particular pola adopción dunha posición sumamente crítica e ata rupturista coa UE, así como fortemente antiestadounidense e antiatlantista.

Outros medios europeos teñen igualmente denunciado que organizacións rusas de extrema dereita, como o Movemento Imperial Ruso e o partido Rodina, teñen delineado a construción dun movemento nacional-conservador a escala mundial. Aquí destaca a presenza de Stanislav Vorobyov, líder do Movemento Imperial Ruso, quen en setembro de 2015 reuniuse en Estocolmo (Suecia) cos líderes de Resistencia Nórdica, un partido de afiliación fascista. É igualmente salientable observar que en medios públicos rusos difúndese unha ideoloxía ultranacionalista incluso de carácter antisemita, toda vez reproducen a idea de que Ucraína está en “*mans de fascistas*” e “*oligarcas xudeus*”, atacando igualmente “*a estratexia sionista en Oriente Medio*”. Incluso, estes medios argumentan que Putin está defendendo uns “*valores occidentais que están en perigo*”.

Con todo o avance de expresións “neo-fascistas”, a discusión sobre a integración da comunidade musulmá en Europa segue a ser un tema pendente para as políticas públicas e as interrelacións societarias, tanto como un preocupante asunto de carácter político e social, que aumenta a súa intensidade no actual contexto de crise socioeconómica, de proliferación de células *ih?distas*, particularmente no aspecto de captación de militantes, e de expresións reaccionarias de carácter xenófobo e extremista.

Dentro do novo perfil terrorista *ih?dista*, os medios de comunicación constantemente argumentan o feito de que os seus militantes son cidadáns europeos, principalmente provenientes de clases medias e populares afectadas pola crise económica, e seducidos pola proliferación da fanática ideoloxía *salafista* a través dunha efectiva rede de transmisión. O seu móbil operativo identificaría unha presunta “individualización” do seu accionar, unha especie de “lobo solitario” que retrotrae simbolicamente a experiencia do terrorismo anarquista que viviu Europa a finais do século XIX.

Con todo, e se ben as sociedades europeas e a comunidade inmigrante musulmá están esforzándose por atopar puntos de encontro a través das recentes e multitudinarias manifestacións, así como da aparición de manifestos por parte de diversas personalidades públicas europeas, a favor da tolerancia, da defensa da liberdade relixiosa e da comunidade musulmá que se han presentado en Francia e Europa desde a aparición da PEGIDA e tralos recentes atentados de París, o problema da islamofobia<sup>(14)</sup> segue a ser recorrente, obstaculizando calquera política efectiva de integración.

Neste sentido, as raíces do problema non semellan atoparse única e exclusivamente na proliferación das redes *ih?distas salafistas* senón na situación de integración e interacción social dunha comunidade inmigrante fortemente polarizada polos seus contrastes políticos, ideolóxicos e relixiosos, polas secuelas das carencias de políticas públicas efectivas para a súa integración, da precariedade laboral e situación socioeconómica, e do avance de movementos populistas, xenófobos e de extrema dereita.

(1) “La mayoría de los franceses cree que el Islam es un factor cultural negativo”, *INFO Raxen*. Servicio de Noticias de Movimiento contra la Intolerancia (España), 5 de maio de 2016. Ver en: <http://www.informeraxen.es/la-mayoria-de-los->

franceses-cree-que-el-islam-es-un-factor-cultural-negativo/

(2) “Concellos galegos comprométense coa convivencia e contra a islamofobia”, *Sermos Galiza*, 9 de maio de 2016. Ver em: <http://www.sermosgaliza.gal/articulo/social/concellos-galegos-comprometense-coa-convivencia-islamofobia/20160509112802047416.html>. Neste caso, subscribiron esta declaración os Concellos de Moaña, Vilagarcía de Arousa, Oleiros, Narón, Lalín, Salceda de Caselas, Teo e A Coruña.

(3) Orixinario da localidade de Dresde, o movemento Patriotas Europeos contra a Islamización de Occidente (en alemán *Patriotische Europäer gegen die Islamisierung des Abendlandes*, PEGIDA) probablemente configúrase como o principal actor de carácter europeo en activar protestas e manifestacións contra a inmigración musulmá e ante a presunta “islamización” da cultura europea. Operativo en manifestacións desde outubro de 2014, a súa presenza ven sendo prolífica desde comezos de 2015, con especial incidencia tralos atentados contra o semanario francés Charlie Hebdo o pasado 7 de xaneiro. Entre as formacións europeas que amosaron as súas simpatías cara PEGIDA estarían a Fronte Nacional francesa, a Liga Norte italiana, os Demócratas suecos, a UKIP británica, a Alternativa por Alemaña, o Vlaams Belang flamenco e o Partido pola Liberdade neerlandés, todas elas de coñecida adscrición xenófoba e de extrema dereita. A declaración institucional da Rede Europea contra o Racismo (ENAR), pode consultarse a través do enlace: <http://www.enar-eu.org/Charlie-Hebdo-killings-in-France>.

(4) Dende a activación deste pacto, diminuíron nun 75% as chegadas de inmigrantes e refuxiados ás illas gregas. Para maior información, consultar “La UE erige un muro en Grecia”, *Informe Semanal de Política Exterior*, Nº 982, 18 de abril de 2016, páxina 3.

(5) Probablemente, o concepto da *jihād* sexa o que maior incompreensión, ambigüidade, controversia e polémica se identifica desde a perspectiva occidental. Constantemente traducido como “guerra santa”, a concepción árabe da *jihād* fai referencia orixinariamente ao “esfuerzo” (“contra as pasións”), sen figurar entre os cinco piares do Islam. A literatura occidental sobre o Islam frecuentemente identifica a este concepto como estratéxico e clave para definir a expansión política e relixiosa do Islam desde a súa aparición no século VII, cando a concepción orixinal islámica conceptualiza o termo como a obriga de cada musulmán para “defender ao Islam contra o grave perigo exterior” así como para “propagar esta relixión entre os non creíntes”. Estas mesmas perspectivas occidentais sobre o termo frecuentemente compatibilizan á *jihād* co concepto de *mujahiddín*, literalmente “combatente”, e que foi popularizado en Occidente trala invasión soviética de Afganistán en 1979. Nesta perspectiva, reproducése con frecuencia a presunta percepción de que se os *mujahiddíns* que morren durante a *jihād*, teñen garantido o acceso ao “Paraíso”, identificando con isto as presunta raíces de fanatismo relixioso existentes dentro do Islam. Para maior referencia, consultar THORAVAL, Yves e ULUBEYAN, Gari, *El Islam. Un mosaico de culturas*, Biblioteca Actual Larousse, 2003.

(6) Literalmente “a Terra do Islam”, tamén definido como a “Casa do Islam”. Fai referencia aos territorios onde o Islam exerce a súa preeminencia política, cultural e relixiosa. A penetración occidental en *Dar al-Islam*, particularmente por parte de Gran Bretaña, Rusia e Francia, comezou a intensificarse desde mediados do século XIX na pretensión por desestabilizar e posteriormente desmembrar ás estruturas de poder musulmás, especialmente identificadas no Imperio otomán, sen menoscabar a ampliación desta penetración noutros ámbitos xeopolíticos, como foron a invasión napoleónica de Exipto (1798), os efectos da colonización británica da India (territorio onde habita unha das mais numerosas comunidades islámicas do mundo) e do pulso xeopolítico británico e ruso en Asia Central e Persia establecido desde mediados do século XIX. Compre por tanto observar cómo estes acontecementos influíron no imaxinario colectivo do mundo musulmán á hora de percibir unha ameaza e agresión contra os seus valores, particularmente nunha conxuntura establecida polo pulso constante entre a tradición e a reforma, esta última principalmente enfocada na imitación dos valores modernos occidentais nas sociedades islámicas, e cómo as mesmas foron aproveitadas pola penetración imperialista occidental.

(7) Literalmente “o camiño correcto prescrito” por Alá, a *Ša‘i’a* reúne a serie de mandamentos de Deus tal e como están enunciados e prescritos no Corán e nas Tradicións, particularmente no relativo ao permitido, recomendado e prohibido no Islam no conxunto das actividades sociais e humanas, así como do dereito penal, civil e comercial elaboradas polas catro

escolas xurídicas sunnitas (*hanbalita, malequita, hanafita e chafita*). Consultar *El Islam. Un mosaico de culturas*, op.cit, p. 72.

(8) Oficialmente “Sociedade dos Irmáns Musulmáns”, foi creada polo profesor e activista Hassan al Banna en 1928 na cidade exipcia de Ismailiya, centro administrativo da Canle de Suez, entón baixo dominio británico. O seu modelo concibe o respecto da tradición coránica dentro da vida pública e privada, defendendo un ideario de xustiza social diferente das ideoloxías occidentais do liberalismo e do marxismo, sen rexeitar por isto calquera aproximación á modernidade trazada no progreso científico e tecnolóxico. Para maior información, consultar o texto “Los Hermanos Musulmanes” en DURET, Alain, *Oriente Medio. Crisis y desafíos*, Colección Salvat Dossier, 1995, p. 208. Con todo, un dos seus principais teóricos foi Sayyid Qotb (1906-1966), constantemente identificado como o precursor do islamismo político de carácter *ih?dista*, cuxas ideas influíron no exipcio Aywan al Zawahiri, actual líder de Al Qaeda trala morte de Osama ben Laden (2011). Qotb pode igualmente ser observado como unha referencia da vía revolucionaria existente dentro do islamismo político, principalmente pola súa pretensión de intensificar a loita contra o *establishment* existente no mundo árabe e os réxime considerados como “lacaio do imperialismo occidental”, razón pola que as súas ideas igualmente serviron de referencia aos movementos islamitas e revolucionarios que depuxeron ao réxime do Sha Reza Pahlevi en Irán (1979). A pesar de haber participado na caída do réxime monárquico de Faruq I (1952) xunto co movemento nacionalista dos Oficiais Libres liderado por Gamel Abdel Nasser e Muhammad Naguib, a Irmandade Musulmá foi posteriormente ilegalizada en Exipto, mentres que Qotb foi encarcerado e posteriormente executado en 1966.

(9) A palabra *salafismo* provén do termo *salaf* que significa “predecesor” ou “ancestro” e fai referencia aos compañeiros do Profeta Mahoma e as súas tres primeiras xeracións. O *salafismo* foi cobrando corpo teórico a través de pensadores islámicos como Ibn Hanbal (s. XIX) e Ibn Taymiyya (s. XIV) pero non foi ata a aparición do *wahabbismo* na península arábica a finais do s. XVIII, cando experimentou un corpo doutrinal mais elaborado. Propugnando como fe o “retorno aos principios piadosos predecesores”, o *salafismo* serviu de doutrina política e relixiosa para condenar e afastar do Islam calquera influencia exterior, principalmente do racionalismo e laicismo occidental, así como das crenzas do Islam “popular” (como o sufismo), que “corromperan” a súa pretendida pureza relixiosa. Dentro do seu rigorismo relixioso, as ideas do exipcio Sayyid Qotb permitiron imprimirlle ao *salafismo* un carácter político mais integrista e *ih?dista*, sen menoscar a xustificación da loita armada e do terrorismo como móbiles de actuación política. Neste sentido, o *ih?dismo salafista* atopou certo eco en diversos grupos radicais dentro do mundo árabe, así como nalgúns movementos dos *mujahiddín* que loitaron en Afganistán na década de 1980, particularmente os que posteriormente conformaron o réxime Talibán e a rede Al Qaeda, recibindo apoio financeiro e loxístico por parte de Arabia Saudita e Paquistán, aliados entón de EUA contra os soviéticos en Afganistán. Posteriormente, estes grupos expandiron a súa loita en diversos contextos xeopolíticos a través dunha heteroxénea rede de militantes e combatentes no Cáucaso ruso (Chechenia, Daguestán, Ingushetia, Osetia do Norte), os Balcáns (Bosnia), o Magreb (principalmente Alxeria e agora Libia), a península arábica (con epicentro en Iemen) e Oriente Medio (actual Estado Islámico entre Siria e Iraq, antiga Al Qaeda en Iraq). Tamén existen movementos terroristas e armados defensores do *ih?dismo salafista* en Asia Central, Paquistán, India, Filipinas e Indonesia.

(10) É de salientar o apoio occidental ao golpe militar do xeneral Pervez Musharraf (1999), elaborado polos servizos de seguridade paquistanís ante o perigo de avance do integrismo salafista e das redes de apoio dos Talibán e de Al Qaeda no país centroasiático. Elixido presidente en 2001, Musharraf foi considerado un aliado irrestrito da doutrina de Bush da “guerra contra o terrorismo”, toda vez Paquistán, considerado o único país musulmán con armamento nuclear, converteuse nun foco estratéxico para os intereses occidentais, así como de inestabilidade rexional. A posterior caída presidencial de Musharraf (2008) deu paso a unha tensa transición política, cunha preocupante presenza de atentados terroristas e de focos de inestabilidade, principalmente na porosa e aparentemente incontrolable fronteira con Afganistán. No caso saudita, Washington constantemente reforza a súa cooperación militar e de seguridade co reino saudita, a pesar das recentes friccións entre Riad e o goberno de Barack Obama, principalmente establecidas polo apoio financeiro saudita e catari ao ISIS así como das reticencias sauditas pola súbita política aperturista de Washington cara Irán. Neste contexto, o pulso entre Arabia Saudita e Irán por establecer espazos de influencia e de control xeopolítico en Oriente Próximo, sumamente visibles trala Primavera árabe de 2011, retrotrae simbolicamente o secular conflito entre sunnitas e xiítas dentro do mundo islámico.

(11) Derivado da palabra *talib* que en idioma pashtún significa “estudantes”, o movemento Talibán creouse oficialmente en

1994 baixo o liderado do mulá Mohhamed Omar, sendo internacionalmente recoñecido por Arabia Saudita, Paquistán e Emiratos Árabes Unidos, así como do goberno (non recoñecido internacionalmente) da República de Ichkeria (Chechenia) Tras repeler á Alianza do Norte e outros grupos que loitaron contra a invasión soviética da década anterior, o Talibán alcanzou o poder en Afganistán en 1996, sendo posteriormente desalojado trala invasión internacional liderada por EUA en 2001, dous meses despois dos atentados do 11/S. Con todo, o movemento Talibán segue a controlar extensas porcións territoriais afganas, principalmente entre a comunidade pashtuna, configurándose como un actor político estratéxico e ineludible no Afganistán actual.

(12) Existe consenso en identificar a creación oficial da rede Al Qaeda en Afganistán no ano 1988. Con todo, a súa proclamación da *ih?d* contra Occidente e os “infieis cristiás e xudeus” realizouse en 1996, unha vez o réxime Talibán logrou controlar politicamente a maior parte de Afganistán, un aspecto que lle deu maior impacto e coñecemento a nivel internacional.

(13) É de sobra coñecida a complacencia política de Washington cara Paquistán e Arabia Saudita no apoio aos *mujahiddín* afgáns que, progresivamente, foron albergando as redes de configuración do futuro réxime Talibán e, colateralmente, da conformación das redes *ih?distas salafistas* de Al Qaeda. Co beneplácito e apoio directo da CIA, o labor do servizo de intelixencia militar paquistaní (ISI), do que o xeneral golpista e posterior presidente Musharraf foi director, así como do xefe dos servizos de intelixencia saudita (GIN), Turki al Faisal, no apoio dos militantes e combatentes en Afganistán que paulatinamente foron conformando estas redes *ih?distas*, axudaron colateral e decisivamente na procreación e posterior expansión global destas redes, co efecto contraproducente de converterse nos piares do terrorismo *salafista* contra Occidente. Dentro desta estratexia de apoio aos *mujahiddín* afgáns a través do ISI e o GIN, Washington ansiaba delimitar progresivamente as rutas de control na distribución de oleodutos e gasodutos desde Paquistán ata Asia Central, tanto como o reino saudita aproveitou esta conxuntura para procrear unha expansión rexional do seu islamismo *wahabbista*. Estas revelacións de enorme valor documental están contidas no libro de COLL, Steve, *Ghost Wars. The Secret History of the CIA, Afghanistan and Bin Laden from the Soviet Invasion to September 10, 2001*. Penguin Books, Londres, 2004. Este libro foi Premio Pulitzer 2005. Xa dentro do contexto actual, e enfocado na xénese do Estado Islámico entre Siria e Iraq, resulta imprescindible a lectura do recente libro de COCKBURN, Patrick, *ISIS. El retorno de la Yihad*, Planeta de Libros, 2015, o cal reflexiona sobre os estratéxicos erros de Washington en Afganistán e Iraq, desestimando as raíces e canais de transmisión establecidos por Paquistán e Arabia Saudita na procreación destas redes *ih?distas*.

(14) Se ben non existe un consenso sobre o significado real do concepto de “islamofobia”, o mesmo podería aducir aos prexuízos e estereotipos existentes co respecto ao Islam e os seus fieis, que confiren de actitudes xenófobas, confrontativas e excluínas. Neste sentido, unha teoría de carácter conspirativo cada vez mais popularizada e con notable incidencia en determinados círculos culturais e políticos europeos ten que ver coa expresión “Eurabia” establecida pola xornalista Bat`Yeor, de orixe xudeu e exipcio pero cidadán británica. No seu libro *Eurabia: The Euro-Arab Axis*, Fairleigh Dickinson University Press, 2005, a autora argumenta o presunto e progresivo paso dunha civilización europea influída pola Ilustración “xudeu-cristiá” cara unha maior potenciación da “ideoloxía da *ih?d*”, amparada no termo árabe da *dhimmi*, que presuntamente significa “a subxugación dos non-musulmáns ao ascende poder islámico para evitar a escravitude e a morte”. Esta perspectiva de presunta “islamización” de Europa xa fora anteriormente popularizada pola escritora italiana Oriana Fallaci nos seus libros *La rabia y el Orgullo* e *La Fuerza de la Razón*, ambos editados en castelán por La Esfera de Los Libros en 2004 e 2005, respectivamente. Aquí, Fallaci fai causa común coa teoría da “Eurabia”, utilizados frecuentemente pola extrema dereita europea para afianzar a súa visión islamófoba. Tralos atentados no Charlie Hebdo, o novelista francés Michel Houellebecq suspendeu eventualmente a presentación pública do seu libro *Soumission* (Submisión), unha ficción electoral recreada en 2022, onde unha especie de fronte republicana conformada por socialistas, conservadores e centristas, apostarían por un candidato musulmán moderado para tentar conter o avance da extrema dereita da Fronte Nacional de Marine Le Pen. En anteriores novelas e escritos xornalísticos de Houellebecq tense polemizado pola presenza de argumentos islamófobos. Recoméndase igualmente consultar o texto “Musulmanes en la Unión Europea: Discriminación e Islamofobia”. Percepciones sobre Discriminación e Islamofobia. Voces de Miembros de las Comunidades Musulmanas de la UE. Extractos de los Informes del Observatorio Europeo del Racismo y de la Xenofobia (EUMC) de Diciembre de 2006. *Documentos de Casa Árabe*, Madrid, Nº 1/2007. Dispoñible en: [http://explotacion.mtin.gob.es/oberaxe/documentacion\\_descargaFichero?bibliotecaDatold=20](http://explotacion.mtin.gob.es/oberaxe/documentacion_descargaFichero?bibliotecaDatold=20)



## APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Europa

## ETIQUETAS

Europa Yihadismo Islamofobia

## IDIOMA

Galego

## Date Created

Maio 19, 2016

## Meta Fields

**Autoria :** 3713

**Datapublicacion :** 2016-05-19 00:00:00